Cuestionario de autoavaliación para os traballadores e as traballadoras

Unidade de competencia.	Código.	Nivel.
Avaliar a eficiencia enerxética das instalacións de edificios	UC1194_3	3

Cualificacións profesionais e títulos de formación profesional asociados á unidade de competencia.

Cualificación profesional.	Código.	Nivel.
Eficiencia enerxética de edificios	ENA358_3	3
Título de formación profesional.	**Código.**	**Nivel.**
Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	SENA01	Grao superior

Por favor, lea atentamente as instrucións seguintes.

Conteste a este cuestionario de xeito sincero. A información recollida nel ten carácter reservado, ao estar protexida polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
O seu resultado servirá soamente de axuda, orientando en que medida posúe a competencia profesional da unidade de competencia.
Non se preocupe, con independencia do resultado desta autoavaliación, vostede ten dereito a participar no procedemento de avaliación, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.

, de de 201

A persoa candidata

O asesor ou a asesora

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Instrucións para cubrir o cuestionario.

Cada actividade profesional principal (APP) componse de varias actividades profesionais secundarias (APS).
Lea atentamente cada APP e a continuación as súas APS. En cada APS marque cunha cruz o indicador de autoavaliación que considere máis axustado ao seu grao de dominio das APS. Eses indicadores son os seguintes:

1. Non o sei facer.
2. Pódoo facer con axuda.
3. Pódoo facer sen precisar axuda.
4. Pódoo facer sen precisar axuda, e mesmo podería formar outro traballador ou traballadora.

APP1	Comprobar que os xeradores de calor e frío, ventiladores, circuladores e redes de tubaxes e condutos de distribución cumpran os requisitos da normativa en relación á eficiencia enerxética da instalación e, de ser o caso, que se xestionen os trámites correspondentes.	Indicadores de autoavaliación			
		1	2	3	4
APS1.1	Identificar e localizar, a partir da documentación técnica correspondente, os xeradores de calor e frío, ventiladores, circuladores, redes de tubaxes e condutos de distribución, determinar as súas características técnicas e comprobar que respondan ás esixencias normativas.				
APS1.2	Determinar con precisión a demanda enerxética máxima simultánea das instalacións, a partir de catálogos e manuais, mediante ensaios experimentais regulamentarios, a través das facturas das compañías subministradoras ou a través de información directa facilitada pola persoa usuaria, considerando as variacións en función das horas do día e dos meses do ano.				
APS1.3	Obter as ganancias ou perdas de calor a través das redes de distribución dos fluídos portadores mediante cálculos, a partir de táboas e ábacos, utilizando instrumentos de medida ou mediante ensaios experimentais regulamentarios.				
APS1.4	Interpretar as indicacións dos instrumentos de medida de caudal, presión e temperatura, e de calquera outra variable que se controle en instalacións enerxéticas, e comprobar que os seus valores se atopen dentro dos parámetros de funcionamento eficiente.				
APS1.5	Obter o rendemento do xerador, dos equipamentos de propulsión dos fluídos portadores e das unidades terminais, segundo o procedemento técnico de referencia, a partir de catálogos e manuais ou mediante ensaios experimentais regulamentarios, e comprobar o cumprimento da normativa en cada caso.				
APS1.6	Comprobar o estado, as características técnicas e a idoneidade do illamento térmico das redes de tubaxes e condutos de distribución de calor e frío que se axustan á normativa.				
APS1.7	Comprobar que estea actualizado o rexistro de operacións de mantemento realizadas de acordo coa normativa, e informar, de ser o caso, das desviacións ou dos incumprimentos observados.				

APP2	Comprobar que os sistemas de control e telexestión, os aparellos de medida e os sistemas de recuperación de enerxía cumpran a normativa relativa á eficiencia enerxética da instalación.	Indicadores de autoavaliación			
		1	2	3	4
APS2.1	Identificar e localizar os elementos dos sistemas de control, telexestión, aparellos de medida e sistemas de recuperación de enerxía da instalación, a partir da documentación gráfica dispoñible.				
APS2.2	Interpretar as indicacións dos instrumentos de medida de caudal, presión e temperatura, e de calquera outra variable que se controle en instalacións enerxéticas, para obter a medida segundo o procedemento establecido.				
APS2.3	Comprobar o preciso funcionamento dos elementos de control e os aparellos de medida, en cada caso, atendendo á normativa.				
APS2.4	Comprobar a interacción dos subsistemas de control co sistema de xeración que sexa adecuada desde o punto de vista da eficiencia enerxética.				
APS2.5	Obter as eficiencias dos sistemas de recuperación de enerxía por arrefriamento gratuíto por aire exterior, por recuperación de calor do aire de extracción ou por zonificación, etc., a partir de catálogos e manuais, ou mediante ensaios experimentais regulamentarios.				
APS2.6	Comprobar o rexistro de operacións de mantemento realizadas, a súa actualización e que se realizara de acordo coa normativa, e informar, de ser o caso, das desviacións e dos incumprimentos observados.				

		Indicadores de autoavaliación			
APP3	**Comprobar, empregando os procedementos establecidos, que as instalacións de iluminación interior e exterior cumpran as esixencias de eficiencia enerxética, conforme a normativa.**	1	2	3	4
APS3.1	Identificar e localizar os elementos das instalacións de iluminación a partir da documentación gráfica dispoñible.				
APS3.2	Identificar o rendemento de cada tipo de luminarias instaladas a partir de táboas e ábacos, ou determinalo mediante instrumentos de medida ou ensaios experimentais regulamentarios e comprobar que cumpran a normativa.				
APS3.3	Calcular o valor da eficiencia enerxética das zonas da instalación de iluminación, e comprobar que cumpra os valores límites esixidos pola normativa.				
APS3.4	Comprobar a existencia e a idoneidade dos sistemas de control e regulación, para mellorar o aproveitamento da luz natural e cumprir a normativa.				
APS3.5	Comprobar o rexistro de operacións de mantemento realizadas, a súa actualización e que se realizara conforme a normativa, e informar, de ser o caso, das desviacións e dos incumprimentos observados.				

		Indicadores de autoavaliación			
APP4	**Comprobar que as instalacións térmicas dos edificios cumpran a esixencia de utilización de enerxías renovables e de limitación da utilización de enerxía eléctrica, conforme a normativa.**	1	2	3	4
APS4.1	Interpretar con precisión as facturas de gasto enerxético convencional.				
APS4.2	Rexistrar e procesar as lecturas dos aparellos de contabilización de consumos e contadores horarios segundo o procedemento establecido.				
APS4.3	Determinar a parte da demanda enerxética total cuberta coa achega de enerxías convencionais, e comprobar que cumpra as limitacións esixidas pola normativa de aplicación.				
APS4.4	Determinar a demanda enerxética mínima para cubrir con enerxías renovables para produción de auga quente sanitaria, quentamento de piscinas e produción de electricidade, etc., segundo o procedemento establecido na normativa de aplicación.				
APS4.5	Comprobar as esixencias de aproveitamento de enerxías renovables nas instalacións enerxéticas proxectadas ou realizadas, e que se cumpran conforme a normativa, e informar, de ser o caso, das desviacións e dos incumprimentos observados.				

		Indicadores de autoavaliación			
APP5	**Elaborar informes con propostas de mellora para aumentar a eficiencia enerxética das instalacións.**	1	2	3	4
APS5.1	Determinar os puntos críticos para o funcionamento eficiente da instalación, establecendo as causas polas que non se consegue un consumo óptimo de enerxía, sexan de tipo técnico ou relacionadas cos hábitos e os comportamentos das persoas usuarias.				
APS5.2	Avaliar e seccionar as tecnoloxías e os sistemas técnicos de mellora, realizando os cálculos e os esquemas necesarios para a súa aplicación e determinar as marxes de mellora na eficiencia do conxunto.				
APS5.3	Desenvolver os informes e as memorias descritivas da adaptación e a mellora de instalacións térmicas e de iluminación, incorporando as xustificacións técnicas, de eficiencia, ambientais e económicas necesarias.				

		Indicadores de autoavaliación			
APP6	**Organizar e controlar a correcta aplicación das normas e das medidas de prevención de riscos, seguridade, saúde e ambientais nas operacións de inspección da eficiencia enerxética de instalacións.**	1	2	3	4
APS6.1	Identificar e controlar os riscos profesionais derivados da intervención de inspección da eficiencia enerxética de instalacións.				
APS6.2	Supervisar e controlar a xestión, o despregamento e a correcta colocación de infraestruturas de seguridade da instalación térmica.				
APS6.3	Supervisar o emprego, o funcionamento e o estado de conservación dos equipamentos de seguridade e protección persoais utilizados nos labores de inspección, para garantir a súa operatividade.				
APS6.4	Supervisar a aplicación do plan de seguridade no relacionado coas instalacións térmicas.				
APS6.5	Supervisar o plan de emerxencias relacionado co proceso de inspección da eficiencia de instalacións.				
APS6.6	Avaliar e controlar os riscos de tipo ambiental derivados do proceso de inspección da eficiencia de instalacións para adoptar as medidas preventivas ou correctoras oportunas.				